



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

## **ACTA NÚM. 2 DA MESA CONTRATACIÓN NO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS”, OBRA INCLUÍDA NA PRIMEIRA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2022**

EXPTE.: 2022/C003/000008

LUGAR: Casa do Concello de Malpica de Bergantiños

DATA: 26/07/2023

Sendo as 09:30 horas constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva da Resolución de Alcaldía núm. 517/2023, do 25/05/2023, estando presentes os seguintes membros:

### **Presidente:**

D. Eduardo J. Parga Veiga, Alcalde-Presidente do Concello.

### **Vogais:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D<sup>a</sup> Sonia Lorenzo Barbeito, Interventora en réxime de acumulación.

D<sup>a</sup> Patricia Coence Antelo, Tesoureira da Corporación.

### **Escusa a súa asistencia:**

...

### **Secretario:**

D. Juan Carlos Penedo Loureiro, administrativo, a distancia por videoconferencia e acceso á Plataforma de Contratación del Sector Público.

É obxecto da reunión de conformidade coa orde do día da convocatoria, o exame/estudo da documentación requirida ao proposto como adxudicatario, **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, que opta á contratación mediante procedemento aberto simplificado das obras ás que se refire o proxecto denominado “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS**”, así como a adopción dos acordos que proceda.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como dos tres vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte,

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1º.- APERTURA DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.**

A secretaría da mesa refírese ás actuacións previas realizadas por este órgano de asistencia no presente procedemento e polo licitador, **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, así dise que:

Esta Mesa de Contratación adoptou, en data 27/06/2023, o/s seguintes acordos:

#### **A.-“3º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

.../

**Único:** Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato das obras de “**MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS**”, á empresa

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

**CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, con CIF: B15361934, no prezo total de 49.873,19 € (41.217,51 € + 8.655,68 €, 21 % do IVE)".

**B.-" 4º.- REQUIRIMENTO AO CANDIDATO PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO (EMPRESA QUE OBTIVO MELLOR PUNTUACIÓN).**

Vista a proposta de adxudicación realizada por esta Mesa de Contratación a favor de **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**

Visto que a citada empresa atópase inscrita no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE, código de identificación: B15122104, VIES: ESB15361934) e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. de inscrición 119).

Vistos, pois, os datos/documentación rexistrados/que consta nos citados rexistros, efectuadas as oportunas comprobacións ás que se refire o art. 159.4 f) 3º da LCSP, e visto o establecido na cláusula 16 do prego que rexe a contratación, é polo que a Mesa de Contratación, en desempeño das funcións que lle atribúe a citada lei, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

**Primeiro:** Requiritir á empresa **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, candidato con mellor puntuación, para que no **prazo de 7 días hábiles**, a contar desde o envío da correspondente comunicación, presente por medios electrónicos (a través da Plataforma de Contratos del Sector Público) e con sinatura electrónica, a documentación á que se refire a cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación, que neste caso, ao atoparse inscrita a empresa no Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e á vista dos datos que obran neles e ás demais comprobacións realizadas por este órgano será a seguinte:

**A) Garantía definitiva:** Documento acreditativo de constitución da garantía definitiva, por calquera dos medios aos que se refire o art. 108 LCSP, por importe de **2.060,88 €**, correspondente ao 5 % do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido, cláusula 16.1.1 do PCAP. A estes efectos debe constar que o correspondente documento acreditativo da garantía foi depositado, ou no seu caso expedido, tras a correspondente anotación, en/pola tesourería municipal.

**B) Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato (cláusula 16.1.2 e Anexo V do PCAP).**

Para estes efectos a acreditación poderá realizarse, acompañando a documentación xustificativa, da seguinte forma:

Medios persoais:

A) Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

B) Nº de traballadores especificando se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou Relación Nominal de Traballadores (RNT).

Medios materiais:

- Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

*leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.*

- *De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.*
- *Así mesmo, poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.*
- *Con todo, poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira fidedigna a titularidade ou dispoñibilidade dos devanditos medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.*

**C) Acreditación documental do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e xornada completa en plantilla (cláusula 16.1.3 en relación a cláusula 12.C.2 e Anexo II, proposición).**

**Segundo:** *Advertir que de non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas (cláusula 16.2 do PCAP). Todo iso sen prexuízo do sinalado nos arts. 71, 72 e 73 da LCSP.*

**Terceiro:** *Comunicar electronicamente a través da Plataforma de Contratos del Sector Público o presente acordo a **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.***

**Cuarto:** *Que pola tesourería municipal se emita o correspondente certificado relativo a se a empresa proposta como adxudicataria, **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, se encontra ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello”.*

A comunicación a **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, realízase por medios electrónicos a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo esta enviada ao licitador en data 28/06/2023 ás 13:14 horas e accedendo este ao seu contido (lida polo licitador) o mesmo día 28/06/2023 ás 13:53, procedéndose ademais, na citada data, á publicación da acta da sesión, onde se adoptou o acordo, no perfil do contratante, constando todo ilo no expediente (en TEDEC) e na Plataforma de Contratos do Sector Público. Así pois, o prazo outorgado ao licitador para cumprir o requirimento finalizaba as 23:59 do día 07/07/2023.

Na Plataforma de Contratos do Sector Público conséntase que en data 30/06/2023 ás 19:37 hora, a empresa, presenta dentro do prazo concedido, un “*sobre*” con documentación para os efectos de dar cumprimento ao citado requirimento, estando, pois, dentro do prazo outorgado.

Acto seguido procédese á apertura do “*sobre*” presentado, procedéndose á descarga da documentación achegada polo licitador.

A documentación aportada polo licitador/requirida por este órgano é a seguinte:

### **1.- Garantía (cláusula 16.1.1 do PCAP):**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

Copia do aval presentado, sendo o avalista ABANCA CORPORACIÓN BANCACARIA, S.A., CIF: A70302039, e o importe deste 2.060,88 €, facendo constar o contratista que o orixinal ten sido presentado previamente no concello.

Consta no expediente de contratación (TEDEC), mandamento de constitución de depósitos, carta de pago, da tesourería municipal, datado a 30/06/2023, (número de operación 320230000424) por un importe de 2.060,88 €.

## **2.- Acreditación de dispoñer efectivamente os medios persoais e materiais (cláusula 16.1.2 e Anexo V do PCAP).**

### Medios persoais:

a) Unha declaración/compromiso/relación dos traballadores que se adscribirán á obra (xunto cos medios materiais, común a ambas) identificados nominalmente e especificando a súa categoría. Sendo estes medios: 2 oficiais de 1ª; 1 oficial de 2ª e 3 peóns.

b) Relación nominal de traballadores correspondente ao período 05/2023.

c) Contratos dos traballadores que figuran na declaración e na relación nominal.

### Medios materiais:

Unha declaración/compromiso/relación dos medios materiais que se adscribirán á obra (xunto cos medios persoais, común a ambas), na que consta, número de unidades a marca/modelo e matrícula/número de serie, achegándose ademais diversa documentación referida aos citados medios (facturas, permisos de circulación...).

## **3.- Acreditación documental do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e xornada completa en plantilla (cláusula 16.1.3 en relación a cláusula 12.C.2 e Anexo II, proposición).**

Informe de traballadores en alta nun código de conta de cotización, ITA, a 30/06/2023. No que constan un total de 1 muller (con contrato fixo e/ou indefinido) e a xornada completa dun total de 9 traballadores fixos e/ou indefinidos en plantilla.

Á vista do cal e examinada a citada documentación a Mesa de contratación conclúe que a empresa ten presentado a documentación esixida polo prego e no requirimento efectuado por este órgano de asistencia.

Consta ademais no expediente (TEDEC), a instancia deste órgano, informe emitido pola Tesourería municipal a data 05/07/2023 no que se indica que a empresa non ten débedas pendentes coa facenda municipal.

Así, pois, acto seguido a Mesa de Contratación de conformidade co previsto no art. 159 da LCSP, procede á realización da seguinte actuación e adoptar o seguinte acordo, asunto que é incluído na orde do día a instancia da presidencia e por acordo unánime dos membros presentes con dereito a voto.

## **2º.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN (RATIFICACIÓN)**

Visto, pois, que a empresa proposta como adxudicataria ten presentado a documentación esixida polo prego que rexe a licitación, cláusula 16, e a esixida no requirimento realizado por este órgano de asistencia, é polo que a Mesa de Contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP e de conformidade co art. 159 da citada norma, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU - 2000/175 CIF: P-1504400A

**Primeiro:** Considerar que o licitador **CONSTRUCCIONES DÁMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.** ten dado cumprimento ao requirimento realizado pola Mesa de contratación en data 28/06/2023 ao ter presentando, de conformidade co disposto na cláusulas 16.1.1 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación; a garantía definitiva, a documentación acreditativa de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, así como, a documentación acreditativa do número de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e xornada completa en plantilla (cláusula 16.1.3 en relación a cláusula 12.C.2 e Anexo II, proposición).

**Segundo:** Ratificando a proposta feita por este órgano en data 27/06/2023, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato das obras de **"MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS EN SEIXAS"**, á empresa **CONSTRUCCIONES DAMASO FERREIRO E HIJOS, S.L.**, con CIF: B15361934, no prezo total de 49.873,19 € (41.217,51 € + 8.655,68 €, 21 % do IVE)"

**Terceiro:** Dar traslado do presente ao órgano de contratación.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

Vº e Prace  
O PRESIDENTE,

D. Eduardo J. Parga Veiga

O SECRETARIO

D. Juan Carlos Penedo Loureiro